



## UNIDADE DIDÁCTICA DE EDUCACIÓN PRIMARIA

*FERRADOS DE CORAZÓN,*

*FANEGAS DE ALMA!*

12 unidades:

1. Presentación: Eu son Manuel María
2. Usamos as TICs.
3. Galiza.
4. A Fala.
5. A Terra Chá.
6. A prosa
7. Teatro
8. E se facemos teatro?
9. A Natureza e o Medio Ambiente I
10. A Natureza e o Medio Ambiente II
11. Música.
12. Amigos e amigas

## Unidade 1

### Presentación: Eu son Manuel María

Ola rapazas e rapaces! Estes materiais que vos presentamos queremos que vos sirvan de axuda para coñecer a unha persoa moi especial: Manuel María, poeta galego e cantor da Terra Chá. A que vos soa Manuel María? E, que é o primeiro que fai alguén que quere que o coñezamos? Iso é, presentarse. Pois el como é poeta váisevos presentar en verso:

*Eu son Manuel María.*

*Nacín no 29, o 6 de Outono,*

*en Outeiro de Rei da Terra Chá.*

*Son dunha caste rexa de labregos*

*fieles á súa terra e ao seu Deus.*

*Agora son un namorado...*

*(Carnet de Identidade: Documentos persoais)*

(...)

*Eu nacín en Outono cando o mundo*

*é un froito dourado ...* *(Poemas ao outono)*

(...)

*Manuel María –xa o sabes- é o meu nome*

*feble, corto, esguío e tan desamparado*

*que sempre o usei sen apelidos .....*

*Teño xa moitísimos anos repartidos*

*en alegrías, tristuras e fracasos.*

*Publiquei algúns libros. Son casado.*

*Levo barba entrecana para tapar o medo...*

*Procurador de oficio...* *(Tarxeta de visita: Remol)*

1.- Cos datos que agora tes, es quen de facer unha pequena biografía de Manuel María?

2.- É unha boa forma a de presentarse en verso. Mira de facer unha presentación túa, seguindo o exemplo de M. María.

3.- Manuel María foi un grande escritor galego do século XX. Tanto escribía contos como teatro ou artigos nos xornais; pero o que máis lle gustaba era escribir poemas. Escribiu máis de cincuenta libros de poesía!

Antes de saber o que era para el un poema, serías quen de definir ti o que é un poema. Escríbeo no teu caderno e logo anotade na pizarra as definicións de toda a clase.

4.- Agora podedes escoitar na voz de Manuel o recitado de “Poema”en:

<http://www.casamuseomanuelmaria.gal/recursos/audios/recitados.htm>

*Un poema é un ser vivo que anda,  
respira, soña, chora, salouca,  
ama, berra, cintila e escurece,  
cala, aborrece a mentira,  
sente odio e tenrura, desángrase,  
fala de intimidade a intimidade  
coas cousas e coa xente, suxire  
mundos posíbeis e imposíbeis,  
súa, cansa, sente sede e fame,  
adoece, agoniza.*

*E nunca morre.*

(Poema: *A luz resucitada*)

5.- Atopades algunha coincidencia entre as vosas definicións e o “Poema” de Manuel María? Comentádeo en alto e ordenadamente na clase.

6.- Manuel María dicía:

*“ A poesía é un pan/ pro ser humán “*

A ti paréceche que a poesía é unha necesidade?

Completa ti:

Gustamos da lúa, dos soños e dos paxaros porque necesitamos da poesía.

\_\_\_\_\_ porque necesitamos da poesía.  
Rimos cos contos, coas historias e cos trabalinguas porque necesitamos da poesía.  
\_\_\_\_\_ porque necesitamos da poesía.  
\_\_\_\_\_ porque necesitamos da poesía.

A poesía é algo moi importante mais Manuel María tamén dicía no seu libro *Remol: Sei que todos os versos do mundo / non valen o que vale un home*.

6.- Manuel María escribe nun dos seus versos: *Levo barba entrecana para tapar o medo*. A que lle tes medo ti e que fas para escorrentalo?

7.- Como agora xa sabedes algunhas cousas de Manuel María podedes comezar entre toda a clase a facer un mural con versos, imaxes, debuxos... Podédelo ir completando pouco a pouco segundo vaiades sabendo e aprendendo máis cousas del.

## Unidade 2: Usamos as TICs

Até hai moi pouco todos os libros se publicaban en papel. Non hai moito tempo que se inventaron os ordenadores e, tamén, Internet. Hoxe en día moitas escritoras e escritores utilizan a rede para escribiren e publicaren os seus libros. Ademais, moitas obras que antes só podíamos consultar en papel están agora en Internet. Así que xa sabes que dentro dos ordenadores tamén temos bibliotecas.

Propoñémosche unha visita á aula de informática e entrar na web da Casa Museo Manuel María: <http://www.casamuseomanuelmaria.gal> , para informarte máis sobre o escritor:

1.- Fai un percorrido pola súa “Fotobiografía” e selecciona tres fotos de cada período para o mural que iniciastes na unidade anterior.

2.-Dentro da “Obra” escolle os libros de poesía, narrativa e teatro para nenas/os, e pégaos no mural.

3.- Mira e escoita o vídeo: Rosas

4.- Queres saber como era a casa onde naceu Manuel María, hoxe convertida en **Casa Museo Manuel María**? Podes facer unha visita virtual en <https://www.youtube.com/watch?v=uYh6AwFuSKI>

Gustouche? Non che entraron ganas de ila ver a Outeiro de Rei? Podes facelo coa túa clase ou coa túa familia. Nos arredores hai lugares moi fermosos para visitar como a carballeira de Santa Isabel, a carón do río Miño, a cerámica de Bonxe ou o Castro de Viladonga.

Agora le este poema que lle fixo Manuel:

*A casa erguida con xisto e cantería,  
por obra dos avós, era fermosa.  
Aí está: forte, firme, fachendosa  
chea de beleza, prestancia e harmonía.*

....

*O longo corredor, aberto á vida,  
era adorno da casa, a súa sorriso...*

...

*(Sonetos á casa de Hortas)*

5.- Co que aprendestes de Manuel María, animádesvos a elaborar un pequeno traballiño no ordenador e colgalo na web do centro para dalo a coñecer a toda a comunidade educativa? Podedes repartirvos en grupos para que vos sexa máis doado. Un grupo encargárase da biografía, outro da poesía, outro da prosa, do teatro, da música... Procurade utilizar fotos, música, vídeos... Xa veredes que bonito vos queda. A web da Casa Museo Manuel María pode ser unha fonte de información interesante para o voso traballo. Mans á obra!!

### **Unidade 3 : Galiza**

O escritores e escritoras falan na súa obra do mundo que os rodea, daquelas cousas importantes para eles, do que senten, do que lles causa alegría e tristura.... Manuel María fala do seu país, dos seus montes e vales, das súas xentes e tamén da súa fala no poema que ides ler a continuación

#### **Galiza**

*Galiza docemente  
está ollando o mar:  
ten vales e montañas  
e terras pra labrar!*

*Ten portos, mariñeiros,  
ciudades e labregos  
cargados de traballos,  
cargados de trafegos!*

*Galiza é unha nai  
velliña, soñadora:  
na voz da gaita rise,  
na voz da gaita chora!*

*Galiza é o que vemos:  
a terra, o mar, o vento...  
Mais hai outra Galiza  
que vai no sentimento!*

*Galiza somos nós:  
a xente e máis a fala  
Se buscas a Galiza*

*en ti tes que atopala!*

*Os soños na gaiola*. Ed. Casa Museo Manuel María. (Neste libro aparece un código que che permite descargar, entrando en: [casamuseomanuelmaria.gal/promocions.htm](http://casamuseomanuelmaria.gal/promocions.htm), dous vídeos: Doce soños na gaiola na voz de Manuel María e Danza do poema emocionado)

Podes escoitar este poema na voz de Suso Vaamonde en:

<http://www.casamuseomanuelmaria.gal/recursos/audios/musica>

Ou tamén na voz de Uxía e Magin, no libro-cd: *Canta o cuco*

1- Lendo e escoitando este poema, que pensas que é Galiza para Manuel María? E para ti?

2.- Que cousas forman un país e se ven e cales as que non se ven pero que son moi importantes? Anótaas no teu caderno e poñede en común as de toda a aula.

3.- *Galiza é o que vemos/a terra, o mar, o vento...*

Imos xogar ao vexo, vexo...

Escribe dez palabras de cousas que ves

Cos ollos:

Co corazón:

4.- Pode existir un país sen fala, un país mudo? Como sería?

5.- Cantos idiomas hai no estado español?

6.- Este poema aparece no seu libro titulado: *Os soños na gaiola*. Por que vos parece que lle poría este título? Que farán os soños dentro dunha gaiola? Ide anotado na pizarra os vosos comentarios.

7. - Escribe un poema sobre a túa localidade, seguindo o esquema de “Galiza”.

8.- Le na aula poemas sobre os animais do libro: *Os soños na gaiola*. Despois inventa ti un poema sobre o animal que máis che guste. Non esquezas de facerlle un debuxo!



## Unidade 4: A fala

Unha carpinteira traballa coa madeira, un ferreiro co ferro, unha pintora coas cores, un escritor... con que traballa un escritor? Coa súa lingua, coas palabras da súa lingua. Para Manuel María o idioma no que fala e escribe é moi importante. A lingua galega é a lingua das galegas e galegos, tamén a de Manuel María. Le como o conta neste poema:

### A fala

*O idioma é a chave  
coa que abrimos o mundo:  
o salouco máis feble,  
o pensar máis profundo.*

*O idioma é a vida,  
o coitelo da dor,  
o murmurio do vento,  
a palabra de amor.*

(...)

*O idioma é a forza  
que nos xungue e sostén.  
Se perdemos a fala  
non seremos ninguén!*

(...)

*Renunciar ao idioma  
é ser mudo e morrer.  
Precisamos a lingua  
se queremos vencer!*

*As rúas do vento ceibe.* Ed.Casa Museo Manuel María. ( Neste libro aparece un código que che permite descargar, entrando en: [casamuseomaneulmaria.gal/promocions.htm](http://casamuseomaneulmaria.gal/promocions.htm), un DVD sobre o autor)

Podes escoitar este poema musicado en: <http://www.youtube.com/watch?v=XuvutCi2m0o>

1.- Completa ti, con palabras do poema ou inventadas por ti:

O idioma é ...

O idioma é ...

2.- Por que che parece que escribiría Manuel este poema?

3.- Reparede nos dous últimos versos e explicade o significado que teñen para vós:

*Precisamos a lingua/se queremos vencer!* Anotade na pizarra todas as opinións e recollede no voso caderno aquelas que máis vos gusten.

4.- Sabes para que serve a publicidade?

Imos deseñar unha campaña publicitaria. Este traballo non é para facelo unha persoa soa.

Cómpre traballar en grupo. A campaña que ides deseñar é para animar aos rapaces e rapazas, aos mozos e mozas a falar galego. Debería levar texto e debuxo ou imaxe. E por que non tamén audio.... Poñede a proba o voso dominio das novas tecnoloxías!!!

Estas imaxes recollidas de Internet poden axudarvos



5.- Esta actividade é para pensar e falar: imaxina unha mensaxe para deixar no teu contestador automático para animar a quen te chame a que che conteste en galego. Anotade todas as propostas da aula. Podedes votar a que máis vos guste.

6.- Serías quen de memorizar as catro estrofas do poema? Ponte a proba!

## **Unidade 5: A Terra Chá**

Manuel María é un chairego. Que quere dicir iso? Que naceu na Terra Chá.

Como se chaman as persoas do lugar onde ti naciches?

A Manuel María gustoulle sempre moito o lugar onde naceu e dedicoulle moitos poemas á súa terra, ás árbores, ríos, lagoas, campos, nomes de lugares... Moitos destes poemas están recollidos no libro *Terra Chá*, ao que pertencen os seguintes

### **Terra Chá**

*A Terra Chá somentes é:  
un pobo aquí, outro acolá,  
mil arbres, monte raso,  
un ceo chumbo e tráxico  
no que andan as aves a voar.  
O resto é soedá.*

Podes escoitar este poema recitado por Manuel en:

<http://www.manuelmaria.com/recursos/audios/recitados.htm>

Tamén tes a oportunidade de escoitalo na voz de Uxía Senlle <http://www.youtube.com/watch?v=4or1jhd-oL0>

### **Dimensións**

*Ollada a Terra Chá dende as alturas  
é semellante a un mar en calma.  
Pra medila só valen dúas mensuras:  
Ferrados de corazón, fanegas de alma!*

### **Poemiña das Penas de Rodas**

*En Gaioso, ollando a Chá  
hai dúas penedas ergueitas.  
Semellan non ser verdá  
redondeces tan ben feitas!*

*As Penas de Rodas son  
dous ollos alucinados  
que espían con atención  
os eidos máis alonxados.*

*Se ambas penas se desfán  
arde, co mundo, un tesouro:  
unha pena é de alquitrán,  
a outra, unha trabe de ouro!*

*Non sodes, non, cantería,  
ouh penas de encantamento!  
Temo que calquera día  
vos poida levar o vento!*

1.- Busca en Internet imaxes das Penas de Rodas. Axudaranche a comprender mellor o poema.

2.- Lembras onde naceu Manuel María? No concello de \_\_\_\_\_ da provincia de \_\_\_\_\_; ese concello máis outros forman o que se denomina a T\_\_\_\_\_.

Por que pensas ti que terá ese nome? \_\_\_\_\_

3.- Na Terra Chá, igual que no resto de Galiza, atopámonos con moitos ríos, regatos, lagoas.... e Manuel María tenlle escrito moitos poemas; non importaba que foran regatos pequenos como o Cepelo ou ríos grandes coma o Miño. Todos merecían a súa atención.

*Regato do Cepelo; naces e morres  
na miña tribo, breve como  
a milagreira pinga do orballo  
que se pousa no pétalo da rosa...*

(Ritual para unha tribo capital de concello)

Tamén o río Miño aparece en moitos dos seus versos. Do seu libro *O Miño canle de luz e néboa* recollemos o seguinte poema

### **Poema dos afluentes**

*Ouh Miño solemne, caudal e poderoso,  
capitán de mil ríos,  
presidente de todos os regatos,  
dono e señor das augas  
que fertilizan e purifican  
o ser e o existir do meu país!  
Claros, cristalinos camiños rumorosos  
polos que corre a vida e a alegría.*

Seguro que onde ti naciches hai moitas cousas fermosas mais, posiblemente, non teñas reparado nelas. Párate a miralas con atención. Quen sabe se non che saen a ti tamén uns poemas ben bonitos! Incluso lle podes poñer música!

4.- Formade dous grupos na clase, un para o regato do Cepelo e outro para o río Miño. Cada grupo le o seu poema en voz alta. Despois comparade os dous textos e sinalade as palabras que definen o regato e o río.

5.- Investiga que ríos hai na túa localidade. Escribe o seu nome, onde nacen, por onde pasan, onde desembocan, afluentes que teñen ...

6.- Nomeade os ríos de Galiza que coñezades. Saberiades situalos no mapa?

7.- Inventa un conto no que a protagonista sexa unha troita. Non te esquezas de debuxar a troita!

Para teres máis información sobre a Terra Chá podes ir ás distintas rutas sinaladas en: [casamuseomanuelmaria.acontorna](http://casamuseomanuelmaria.acontorna)

Unha visita á Casa Museo facendo algunha destas rutas sería unha actividade ben bonita!

### **Unidade 6: A prosa**

Ti xa sabes que Manuel María é un poeta de moita sona, mais non só escribiu poesía. Tamén cultivou outros xéneros literarios como a narrativa, o teatro, o ensaio ou a prosa xornalística.

O texto en prosa que vas ler a continuación fala de Manuel de Paderna.

*O Alguacil que había no Concello era Manuel de Paderna. Paderna fixo agromar un regato, inventaba versos, falaba cos paxaros, coñecía as propiedades curativas das herbas, sabíase guiar polas estrelas, pola Lúa e polo Sol e nunca usaba reloxo. Ollando para o ceo xa sabía que hora era.*

(...)

*Paderna andaba moi triste e desgustado porque don Capitón mandara cegar a Fonte da Picha, onde bebían as andoriñas; mandara derrubar o quiosco da música, onde o propio Paderna, dicía os seus versos para os ventos, para os paxaros e para os veciños, que eran os últimos en comprendelos.*

*A Tribu ten catro ríos. Ed. Casa Museo Manuel María*

Paderna traballou na casa de Hortas cando Manuel era pequeno. Nos momentos de descanso ían os dous para a Fonte da Picha e alí falaban en verso. Venlle xa de lonxe a Manuel o gusto pola poesía! Manuel María, en recoñecemento a Paderna, dedicoulle algún dos seus versos. A súa figura vai dar orixe tamén a un conxunto de historias fantásticas recollidas na triloxía: *A tribu ten catro ríos; Cando o mar foi polo río; Viaxes e vagancias de Manuel de Paderna.*

1.-Imos escoller dúas palabras do texto anterior: herbas e música e ti tes agora que inventar unha historia (pode ser de medo, fantástica, de risa...) con estas dúas palabras.

Non te esquezas: ten que ter inicio, nó e desenlace. Veña, a que esperas!

2.-Paderna ensináballe a Manuel María a falar en verso. Quen che conta a ti contos, adiviñas, trabalinguas... ou che recita poemas? Recordas algún que che contaran e que che gustara moito? Cántallo ao resto de compañeiras e compañeiros da clase.

3.-Don Capitón, que era o Alcalde do pobo, mandou desfacer o quiosco e a fonte. A palabra desfacer significa o contrario que facer porque o prefixo des - dálle ese significado contrario. Propoñémosche unha actividade de invención: tes que inventar palabras que comecen por des e explicar o seu significado.

Descanón: é un artefacto capaz de acabar coas guerras.

\_\_\_\_\_ : \_\_\_\_\_

\_\_\_\_\_ : \_\_\_\_\_

\_\_\_\_\_ : \_\_\_\_\_

\_\_\_\_\_ : \_\_\_\_\_

4.- Que pasaría se.....?

... foses capaz de falar cos paxaros?

... a túa avoa fose capaz de facer agromar unha fonte

... desapareceran os cartos

... o profesorado só puidese poñer boas notas

Imos presentar agora outro libro de Manuel María: *O bigote de Mimí*. Búscadeo na biblioteca do centro de seguro que o atopades. Se ledes un pouquiño cada día na clase, rematádelo nunha semana porque é pequeniño. A ver se vos gusta! Comeza así:

*Fiz era un neno de sete ou oito anos. Vivía con seus pais nunha casa das aforas da vila. Unha casa xeitosa que tiña, na súa parte traseira, un xardín moi ben coidado. Tanto Fiz como seus pais eran moi amantes de todos os seres vivos, dende os bichocos máis pequenos, árbores e plantas até os animais máis grandes e as persoas. Sabían que o amor era a cousa máis fermosa e perfecta de canto hai no mundo.*

*Para vixiar o xardín e mais a casa tiñan un cadeliño moi ladrador, bonito e intelixente. Chamábase Pufi.*

*E, para andar pola casa e tela limpa de ratos, trouxeron un gato ao que lle puxeron de nome Mimí.*

*O bigote de Mimí. Ed. Casa Museo Manuel María.*

1.- Se xa lestes todo o libro, escribide en poucas liñas o que máis vos gustou do conto.

2.- Debuxa a Mimí cando empezou o conto, cando está a piques de ser cazado e cando se xubilou.

3.- Serías quen de describir un animal que che guste? Comeza logo!



## **Unidade 7: O teatro**

O teatro representa para Manuel María o espazo ideal para crear e recrear o mundo ao seu xeito. A posibilidade de abrir a porta aos soños e fantasías, de dar vidas distintas aos seus personaxes, de facer rir e chorar.... E serán moitas as pezas que escriba, cheas de personaxes do mundo que el quere e admira: labregos, mariñeiros, costureiras... Lendo este poema do seu libro *As rúas do vento ceibe*, pódese comprobar que o seu amor polo teatro xa comezou de neno.

### **Teatro de guiñol.**

*Teño un teatro xeitoso.*

*Máis xeitoso non o hai!*

*Teño un teatro pequeno  
agasallo de meu pai.*

*É un teatro sinxelo,  
un teatriño moi bon  
e tan práctico que cabe  
no máis pequeno rincón.*

*Teño bonecos de goma,  
de cartón e de papel.  
Chámanse Barriga Verde,  
Bululú e Tía Isabel...!*

*E teño unha cachiporra  
que mete unhos estacazos  
tan ferozes e potentes  
que semellan canonazos!*

*O meu teatro é un mundo.*

*Os personaxes que invento  
teñen vida, fantasía  
e doullas coñecemento...!*

*Eu represento comedias,  
dramiñas, dramas, dramóns  
cos meus bonecos que rin,  
cos meus bonecos choróns...!*

- 1.- Como se chaman os personaxes do teatriño de Manuel María?
- 2.- Asistiches algunha vez a unha representación de teatro de guiñol? Trata de facer memoria e explica de que ía a historia.
- 3.- Pareceche que o teatro de guiñol ou monicreques se asemella aos debuxos animados que vés na tv?  
Comenta as diferenzas e as semellanzas que ti aprecias.
- 4.- Participaches nalgunha obra de teatro? Que personaxe representaches? Era unha comedia (para facer rir) ou un drama (para facer chorar)?

## **Unidade 8: E se facemos teatro?**

Gústache ir ao cine, ver películas de risa, de medo, de amor, e de aventuras?

Seguramente moitas veces tes soñado con ser a heroína ou o heroe dunha película de aventuras. Pero non só hai aventuras no cine, tamén as pode haber no teatro.

O que seguro non imaxinabas é que a heroína dunha obra de teatro de aventuras podía ser unha **ESPIÑA DE TOXO**! Menos mal que aí estaba Manuel María para imaxinalo. *Aventuras e desventuras dunha espiña de toxo chamada Berenguela*, é unha obra de teatro de Manuel María, coñécela?

Empeza así:

### **FOLLA DE CARBALLO, ESPIÑA DE TOXO**

**FOLLA DE CARBALLO:** Son a Folla de Carballo agarimada do ar. A leve pinga de orballo sobre min se vén pousar.

**ESPIÑA DE TOXO:** Eu son a Espiña de Toxo, espiña de toxo arnal. Anque teño cara de fera nunca fixen ningún mal.

**FOLLA DE CARBALLO:** Feridora, fera, mancas ao ar co teu xeito de agulla. As andoriñas foxen de ti. Eu son mol. Doulle pousada aos paxaros.

**ESPIÑA DE TOXO:** Teño feitura de agulla porque así son máis delgada. Só por iso.

**FOLLA DE CARBALLO:** Todo o mundo che ten medo.

**ESPIÑA DE TOXO:** Gardo e protexo, pola primavera, as miñas flores marelas. As miñas flores para que o saibas, son o sorriso da primavera. Os pegureiros son os meus amigos.

**FOLLA DE CARBALLO:** Ti non tes amigos. Soñas desperta.

**ESPIÑA DE TOXO:** Co meu coitelo afiado firo o ser da escuridade. O escuro queda cortado e faise entón claridade.

**FOLLA DE CARBALLO:** Xa ollas, fires. Tés un coitelo. Estás armada para facer o mal.

**ESPIÑA DE TOXO:** Son así. Non fago mal a ninguén. E quero ser a túa amiga.

**FOLLA DE CARBALLO:** Imposible!

**ESPIÑA DE TOXO:** Por que ....?

**FOLLA DE CARBALLO:** Porque non.

**ESPIÑA DE TOXO:** Iso non é razón.

**FOLLA DE CARBALLO:** Son unha señora moi señoreada, amiga do vento e máis da xeadá. Eu estou no alto nun trono sentada. Ti estás no chao e non vales nada!

**ESPIÑA DE TOXO:** Pamplinas!

**FOLLA DE CARBALLO:** Envexa! Tesme envexa! A miña cor verde dálle que cavilar ao azul do ceo.

**ESPIÑA DE TOXO:** Eu non che teño envexa nin a ti nin a ninguén. E non me troco por ningunha folla de carballo.

**FOLLA DE CARBALLO:** Que máis quixeras ti!

**ESPIÑA DE TOXO:** Presumida!

**FOLLA DE CARBALLO:** Insúltasme! Fáltasme ao respecto! A min que son unha Señora Folla de Carballo.

**ESPIÑA DE TOXO:** Non che falta en nada. Non sexas enredosa e trapalleira. E non me tires do xenio.

**FOLLA DE CARBALLO:** Cala famenta que te esgano! Ríllote cos meus dentes a xeito de serra!

**ESPIÑA DE TOXO:** Que medo! Atrévete, abusona!

*(A Folla de Carballo bótase sobre da Espiña de Toxo. Saen da escena pelexando).*      **ESCURO.**

1.-Podedes facer unha lectura dramatizada desta 1ª escena e se vos atrevedes incluso da obra enteira. Se entrades na web da Casa Museo Manuel María en, recursos/outros, atoparedes o texto completo desta obriña de teatro. Animádevos con ela!!

2.- Facede as ilustracións desta escena. E, se vos atreves, confeccionade tamén os monicreques para representala.

2.- Inventa unha pequeniña obra de teatro na que o protagonista sexa un ourizo (castaña). Se queredes escribídea en grupo e facédelle as ilustracións. Traballádea ben para que vos quede bonita . Podedes poñer algunha anotación para a representación e tamén de como van ir vestidos os distintos personaxes. E se a representaredes vós?

## Unidade 9: A Natureza e o Medio Ambiente I

*Eu son esta terra e esta auga: ...* (Poemas á Lagoa de Cospeito)

A preocupación de Manuel María polo coidado da Natureza e do Medio Ambiente pódese percibir ao longo da súa obra. Os seguintes textos, que podedes ler en voz alta na clase, son unha boa mostra da querencia que Manuel ten pola Natureza e da inquedanza que lle producen aquelas actividades humanas que deterioran o medio.

*Miña Lagoa de Cospeito imprescindíbel:*

*naces no misterio e vas ao imposíbel.*

*-Eu na túa ribeira.*

*Lagoa de Cospeito, meu lago ben amado,*

*sempre polos meus soños navegado ...*

*-Eu na túa ribeira.*

*Lagoa de Cospeito, meu lago principal:*

*eu só me quero reflectir no teu cristal.*

*-Eu na túa ribeira.*

*Lagoa de Cospeito, meu lago verdadeiro:*

*eu só me sinto amparado ao teu abeiro!*

*-Eu na túa ribeira*

*onde sempre é Primaveira.*

Poemas para dicirle a dúas lagoas

A lagoa de Cospeito foi desecada polo IRYDA (Instituto Nacional de Reforma y Desarrollo Agrario) arredor de 1960, feito ao que fai referencia Manuel María nos seguintes textos:

*A lagoa de Cospeito era cousa de ver. Non acougaron deica rematar con ela. Hai xente estraña á que lle molesta todo o útil e fermoso. Queren converter o mundo nun lugar feo, incómodo, inhabitable. En ocasións chegan a acadar os seus propósitos. A desaparición da lagoa de Cospeito é un bo exemplo.*

*Lagoa de Cospeito: no nome do proveito  
levaron a túa auga, secaron o teu leito.*

*-Maldito sexa.*

*Lagoa de Cospeito: chegou o inimigo  
e non descansou até acabar contigo.*

*-Maldito sexa.*

*Lagoa de Cospeito: agora só lembranza,  
quixeron converterte en campo de labranza.*

*-Maldito sexa.*

*Lagoa de Cospeito: aquel que te secou  
que teña o mesmo fin que a ti che dou!*

*-Maldito sexa*

#### Poemas para dicirle a dúas lagoas

A lagoa foi recuperada parcialmente en 1981. Ten un sendeiro que a rodea e varios observatorios desde onde se pode observar unha gran variedade de aves. Un lugar precioso para facer unha saída escolar. E se a acompañades dun recitado coral de poemas do libro: *Poemas para dicirle a dúas lagoas*, e/ou algúns poemas de *Terra Chá* dos que fan referencia ás aves ou ás árbores xa sería de sobresaliente!

- 1.- Na páxina web da Casa Museo Manuel María en: **a contorna** atoparedes unha ruta ben bonita de Adela Leiro pola Lagoa de Cospeito. Merece a vosa visita!  
Na web de Adela Leiro podeades atopar moitísimo material para traballardes sobre o Medio Ambiente e a Natureza, algún del complementado con textos literarios. Se os vosos intereses van por aí, non deixedes de botarlle un ollo. Gustaravos!!!
- 2.- Coa información que recollestes podeades elaborar un mural para a aula ou para o corredor, no que se contemplan os distintos seres que forman o ecosistema da lagoa.
- 3.- Comentade en grupo o que pasaría se desaparece unha lagoa. Anotade todas as vosas respostas na pizarra.
- 4.- No segundo texto Manuel María di que hai xente que quere converter o mundo nun lugar feo, incómodo, inhabitábel. Anotade por grupos algún caso deste tipo que

coñezades. A continuación comentádeos para a clase. Para rematar facede un remuíño de ideas sobre como evitar a destrución da Natureza.

5.- Lede e recitade na aula o seguinte poema:

### **Natureza**

*Temos que amar a campía  
e non lle facer aldraxe.  
Non encher de porcaría  
a beleza da paisaxe...!*

*O que ama a natureza  
ten que respectarlle a vida.  
Non hai máis grande beleza  
nin emoción tan cumprida!*

*A natureza é amiga  
e dános o seu amor:  
dende a graza dunha espiga  
ao río murmurador...!*

*A natureza é un ben,  
é compañeira e irmán.  
E pró home sempre ten  
o seu corazón na man...!*

*As rúas do vento ceibe. Ed. Casa Museo Manuel María*

5.- Se vos gustou o poema e queredes que o resto do alumnado o coñeza, podédelo copiar no ordenador con letra bonita e colocalo no corredor do centro. E se queredes poñelo en práctica, podedes propoñerlle á dirección do centro que volo deixe colocar no patio do colexio, nun lugar ben visible, para que vos recorde cada día como hai que coidar, amar e respectar a natureza e manter o voso patio ben limpiño e sen porcaría. Se

vos parece de interese tamén lle podedes solicitar ao concello que no día da árbore, por exemplo, o poidades colocar nun dos seus parques.

6.- Agora ides facer de poetas. Cada quen vai escribir no seu caderno un verso sobre o mundo no que lle gustaría vivir. Cando rematedes, xuntádeos todos cun pouco de xeito e xa tedes un poema!



## Unidade 10: A Natureza e o Medio Ambiente II

Manuel María é unha persoa atenta a todo o que acontece ao seu redor, reflexiona sobre os problemas e reflícteos non seus escritos, non só na súa poesía, senón tamén na súa prosa, relatos curtos e contos. Non é para laiarse deles. É para dálos a coñecer e axudar a buscar solucións.

Le con atención o seguinte texto de: *A Abella chamábase Avesás*, do libro *Kricói, Fanoi e D. Lobonís*.

*A abella Avesás era sempre a primeira en espertar. Así que alpeiraba do leito púñase a varrer e a limpar moi limpiño o trobo ou cortizo. Despois limpábase ela mesma. No medio da horta estaba o pozo do que se servía o señor Xiao e as súas xentes e ao pé do pozo había unha pía de cantería que sempre tiña auga. A abella-Avesás íase lavar a esa pía e no bo tempo aínda pegaba os seus samargullos. Logo voltaba ao trobo ou cortizo e papaba o seu almorzo. Despois de almorzar, coa barriga ben chea, ía para o seu traballo. Traballaba ben e a conciencia. O traballo dunha abella ten moitos perigos e dificultades. Dende que apareceron os insecticidas moitísimas abellas non voltaron aos seus trobos ou cortizos. Morreran envelenadas. I é que agora bótanlles insecticidas á vide, ás patacas e incluso a moitas árbores froiteiras. Por iso ela, denantes de pousarse sobre dunha flor procuraba examinala moi coidadosamente. Os insecticidas –como xa queda explicado- están practicamente rematando coas abellas.*

1.-Que sabes das abellas? Viches algunha vez un trobo ou cortizo de abellas? Onde foi? Cántallo ás compañeiras e compañeiros da túa aula.

2.- Mergúllate no doce mundo das abellas en <http://www.casadasabellas.com/productos.html> e, se ademais podes ir de visita co teu cole ou coa túa familia á Casa das Abellas, vas aprender cousas fascinantes do seu mundo e tamén da importancia que este insecto ten para a reprodución das plantas, e para a vida das persoas.

3.- Anota no caderno os produtos que obtemos das abellas. Serías quen de escribir en poucas liñas :

- son necesarias as abellas? Por que?
- como lle afectan os produtos químicos que se utilizan no campo ?
- como poderíamos evitar que morran tantas abellas envelenadas?
- Neste achegamento ao mundo das abellas, xurdiu en algún momento o nome de “*Avespas asiáticas*”. Buscade algunha información en internet sobre elas e comentádeas na aula.

3.- Na lectura hai dúas palabras para nomear a casa das abellas. Poderías nomear cinco obxectos que se poidan chamar de varias formas?

4.- Sabes como fabrican o mel as abellas? Podes investigar preguntando na túa casa, buscando en Internet ou visitando “A casa das Abellas” que teñas máis preto da túa casa. Cando o saibas escríbeo no caderno para que non che esqueza. Se che parece interesante, tamén llo podes contar a outras nenos ou nenas que non o coñezan.

5. As abellas organízanse moi ben para traballar. Ti tamén te organizas ben para facer as túas tarefas?

Escribe en poucas liñas como se organizan as abellas e como te organizas ti.

6.- O mel é un alimento moi rico en ....

7.- En Galiza hai varias zonas de produción de mel e que teñen denominación de orixe. Investiga a ver se hai algunha cerca de onde ti vives. Se tes mel na túa casa, mira na etiqueta de onde procede.

8.- Saberías algunha receita con mel? Explícalla ao resto da clase e sigue os pasos ordenadamente.

## Unidade 11: A música

Gústache a música? Xa sabes que as cancións se compoñen de música e letra. Moitas veces as/os cantantes buscan as letras das súas cancións en textos de escritoras/es. Pois iso foi o que aconteceu cos poemas de Manuel María. Moitos cantantes e grupos galegos musicaron as súas poesías. Grupos como Fuxan os Ventos, A Quenlla, Suso Vaamonde, Berrogüeto, Milladoiro, ou cantantes como Uxía Senlle, María Manuela, Xabier Díaz, Roi Casal, o grupo Pirilampo..... puxéronlle música aos seus poemas. Por desgraza, non é fácil escoitar nas radios galegas a música do noso país. Preguntácheste algunha vez cal será a razón?

Podes atopar poemas musicados de Manuel María na web da Casa Museo:

<http://www.casamuseomanuelmaria.gal/recursos/audio>

Hoxe existen tamén no mercado moitos materiais para traballardes esta unidade, como o libro-CD de Uxía: *Canta o Cuco; Teatro de Guiñol* do grupo Pirilampo; ou o libro-CD “*Os soños na gaiola*” de Suso Vaamonde, que editou a ASPG. Neste libro, ademais das letras de todos os poemas musicados, veñen propostas didácticas interesantes para traballar a lingua.

1.- Proposta de actividade que se podería facer nesta unidade, no Plan Lector por exemplo.

Cada nena/o tería a letra do poema elixido diante e poderíanse realizar as seguintes actividades:

- lectura individual do poema
- lectura en grupo
- aclaración de dúbidas no vocabulario
- escoitar a canción do CD
- cantar a canción
- repartir a aula en grupos e cada grupo canta unha estrofa. Se houbera retrouxo, pódeo cantar toda a clase.

- animar a ir deixando o texto do poema para cantar de memoria
- acompañar de palmas, pés, pitos...
- e moitas máis cousas que se vos ocorran sobre a marcha

O poema podería ser escollido dos libros: *Os soños*, *As rúas do vento ceibe*, ou *Terra Chá*, por exemplo, segundo o que esteades estudando, en Lingua, Coñecemento, Música: O mundo, As cousas, Homes nenos e nenas, Animais, Paxaros.

## Unidade 12: Amigos e amigas

Manuel María non foi só un bo escritor, foi ademais moi boa persoa. Iso podémolo ver no cariño e a estima que lle tiña o pobo galego, e quedou reflectido nos textos que moitas escritoras e escritores lle dedicaron. Agora poderás ler algúns:

Camilo gómez Torres, no capítulo dedicado a Manuel María na Historia de Literatura Galega da Nosa Terra e AS-PG:

*Hai homes que viven unha vida. Algúns, viven moitas vidas. O noso poeta pertence ao segundo grupo: o home, o poeta, o narrador, o dramaturgo, o xornalista, o mestre, o divulgador cultural, o político, o procurador de tribunais, o editor, o cidadán, o incansábel peregrino dos camiños da Galiza e o mundo... son un a un e todos xuntos MANUEL MARÍA.*

Marica Campo dedícalle o poema: “E este quere quedarse na paisaxe”

Na Terra Chá medida con corazón e alma,

Manuel María, Chaira.

Na saiba dos carballos, na floración do viño,

Manuel María, Río.

No Miño e no Cepelo, parellas na lembranza,

Manuel María, Auga.

(...)

Na palabra de pedra, na de mel e na de alba,

Manuel María, Fala.

Na memoria de nós, da Patria no camiño,

Manuel María, Fito.

No amor de Saleta, paixón que non acaba,

Manuel María, Chama.

Na amizade fecunda, no sentimento limpo,

Manuel María, Amigo.

Miro Villar escribe “Metapoesía” Para o Manuel María, Muiñeiro de brétemas.

Un arbusto a tremer, eis o poeta,  
cando se achega espido a un papel  
coa suor da incerteza pola pel  
e o pensamento feito cadeneta.

Unha pausa a fluír, eis o poeta  
cando a man se converte nun pincel  
co dozor das palabras e o seu mel  
que na páxina branca se concreta.

Miro Villar

Tal e como puidiches ver nos seus textos Manuel María foi un magnífico escritor. Agora para rematar queremos mostrarche a súa faceta de camiñante que facía del o máis experto guía en calquera parte de Galiza. Percorreu o país con agarimo, os vales e vilas, os montes e faros, as súas festas... deixando nos seus escritos as súas impresión e coñecementos.

1.- Le os textos seguintes recollidos do seu libro “*Andando a Terra*”. Escolle o que máis che guste e fai ti unha descrición semellante: dunha festa, dunha persoa, dun lugar... Non te esquezas de utilizar os adxectivos, como facía Manuel.

*Sempre que podo vou a Caaveiro. Dubido que no mundo poida haber un lugar máis fermoso. Un sitio tan solitario e tan humanizado ao mesmo tempo. Unha fraga tan misteriosa e tan amiga do home.*

...

*As terras de Chantada están no centro de Galiza. Dende o Miño ao Faro hai unha paisaxe singular de vides e socalcos. Terra viciosa de arboredo e cruzada de ríos e*

*regatos cantores que van correndo monte abaixo, como se tiveran présa de sulagarse no Miño.*

...

*Mondoñedo e o seu val causaron en min unha fonda impresión, que pervive ao longo dos anos. Daquela teño moi gravados no sentimento os toques da Paula –a campá maior da catedral- a Fonte Vella, o barrio dos muíños coa Ponte do Pasatempo e o Campo dos Remedios, ademais do pequeno labirinto –como de xardín de pazo- das increíbeis rúas da cidade.*

...

*O pobo de Bares, abrigado pola Estaca, ábrese, apiñado e recollido, cara a río do Barqueiro. A illa Coelleira, envolta en néboa, xorde do mar como unha visión imprecisa e difuminada. Hoxe é terra deserta. Noutro tempo erguérase nela un mosteiro.*

...

*Montefurado está no sur da provincia de Lugo, lindando coa de Ourense. Os montes son escuros e súpetos. O Sil vai encaixonado aló no fondo furando entre curvas, recurvas e contracurvas. Apenas hai ribeiras. As aldeas semellan penduradas nas abas dos montes. Os encoros de producir electricidade remansan e acougan as augas ladradoras do Sil, que reflicten as nubes, as montañas e o tren, sempre con présa como si o seu destino fora non parar nunca.*

...

*A carballeira de San Xusto está en Pontevedra, non moi lonxe da capital, na parroquia de San Xurxo de Sacos. Dende non hai moito tempo pódese chegar a ela, cunha certa comodidade relativa, por unha pista que parte da estrada Carballiño-Pontevedra. O lugar é fermosísimo, impresionante, grandioso.*

...

*O gaitero de Soutelo de Montes, Avelino Cachafeiro Bugallo foi un mito(...) Fillo e neto de gaiteros, foi proclamado o mellor gaitero de Galiza nun concurso celebrado en Santiago de Compostela o 10 de agosto de 1924.(...) Avelino era un home máis ben*

*pequeno, regordecho, e usaba uns grandes bigotes. Era loiro como dicían que eran os celtas. A súa constitución era forte e robusta como a deses carballos que medraban entre as penas. Un sorriso intelixente e comprensivo iluminaba o seu rostro, simpático e expresivo, cun non sei que de malicia retranqueira.(...)*

*O que case ninguén sabe é que o Gaiteiro de Soutelo é o autor da famosísima “Muiñeira de Chantada”, que a meirande parte da xente ten por unha peza popular e que é unha das muiñeiras máis famosas e máis fermosas de Galiza...*

...

*Hai trinta ou corenta anos os magostos eran unha festa moi enraizada no pobo. Había máis castiñeiros que agora. Nas aldeas tamén había máis xente. As primeiras castañas que caían comíanse crúas .(...)*

*Despois da recolleita das castañas, que se fai na segunda quincena de outono, a mocidade da parroquia, un domingo pola tarde, celebraba un gran magosto... O magosto remataba en ruada ou foliada. En Ourense é famoso o gran magosto colectivo do día de San Martiño.*

...

*Vale a pena ver o nacemento do Miño, ollar as súas claras fontes montesías e comprobar como a auga –pura, limpa e inocente- baixa estarabouzando e brincando entre penedos como os cervos dos nosos cancioneros. Dende Irimia óllase a Terra Chá inmensa, gris e verde.*

...

*Estou fachendoso de ser dunha terra de cacharreiros. Nos días da miña infancia teño ollado, moitísimas veces fumegar os fornos dos oleiros de Bonxe, Silvarrei, Pape, Penelas e do meu Outeiro de Rei natal.(...) Moitas horas teño usado ollando atentamente cos meus ollos de neno moi abertos e estantíos, como o señor Francisco de Cantón lle daba á roda (...) O meu asombro chegaba xa ás súas lindes - a súa situación límite que diría un “listo”- cando, das súas mans de hábiles artesás, xurdía, en menos tempo do que un tarda en botar un salouco, unha cunca, unha xerra, un porrón, unha ola, unha chocolateira ou un asado. E logo a habilidade con que, o mestre cacharreiro,*



*manexaba un anaco de arame para separar a peza da roda e a delicadeza con que collía a peza no ar e a pousaba na táboa xunto das outras para poñela a secar ao sol, e ao vento, denantes de metelas no forno.*

2.- Se che gusta a xeografía, procura situar nun mapa de Galiza os lugares aos que se fai referencia nestes textos.

3.- A cerámica de Bonxe está moi preto da casa onde naceu Manuel - hoxe Casa Museo Manuel María- en Outeiro de Rei. En Bonxe traballa Pepa, a filla de Indalecio, facendo “maxia” co torno e co barro, para que os nenos e nenas fiquen abraiados, como quedaba Manuel cando era neno coma vós.

Nestas páxinas de Internet podes atopar algunha información máis sobre a cerámica de Bonxe.

<http://pepabonxe.blogspot.com.es/p/actividades.html>

<http://www.youtube.com/watch?v=85af1yU6y0M> (Indalecio, o pai de Pepa, alfareira-cacharreira de Bonxe)

4.- Se sabes de outros lugares nos que se traballa o barro? Noméaos e escribe o que saibas sobre a súa cerámica.

5.- Se tiveches ocasión de ver como se traballa o barro cóntallo ao resto da clase.

Procura organizar un pouco a información: Onde o viches, maquinaria que utilizaban, obxectos que facían, como os facían, para que se utilizan os obxectos realizados... se lle damos a mesma utilidade agora...

5.- Serías quen agora de escribir ti todo o proceso da fabricación dun cacharro de barro? Se o vas contando por pasos serache máis doado. Primeiro...

Dentro das viaxes que facía Manuel María por toda Galiza, as visitas ás escolas tiveron a meirande importancia. Destas visitas comenta: *“Eu andei por case todas as escolas de Galiza e resulta, como se di agora, moi gratificante. Teño experiencias moi boas de diálogos moi agudos, máis incluso que con universitarios”*.

1.- Se Manuel María visitara hoxe a túa escola, que lle preguntarías?

E xa para rematar podiades ordenar os datos, fotos, debuxos, música... que recollestes sobre Manuel María e a súa obra, poñelos bonitos e colgalo na web de centro. Tamén podedes facer unha valoración de se vos gustou como escribía, que textos vos gustaron máis.. Pero non vos esquezades de completar tamén o mural do que falamos na unidade primeira e colocalo no corredor do cole para que o resto da comunidade educativa poida gozar tamén do voso traballo e coñecer un pouquiño máis a este escritor.

**Manuel María visitou case todas as escolas de Galiza. Agora que aprendestes moitas cousas de Manuel, non vos gustaría visitar a casa onde naceu, ver alí os seus libros, os obxectos persoais: máquina de escribir, navallas, reloxos, a mesa na que escribiu a súa obra....? Podedes facelo co cole, coas vosas familias... Na web da Casa Museo Manuel María están os horarios. Para as nenas e nenos a entrada é gratuíta. Animádevos! Sería unha maneira moi bonita de rematardes o traballo. E daquela engadires unha foto máis ao voso mural: a foto do grupo diante da casa de Manuel María. E se non puidera ser, volvede ver a visita virtual:**

<https://www.youtube.com/watch?v=uYh6AwFuSKI>